

PAZAS DE PROFESIONAIS.

HISTORIA DE UN

DESPROPOSITO

O día 2/06/04 chegaban rumores de que a empresa pretendía cubrir prazas en Telemarketing Profesionais coa lista de aptos sin praza do Concurso de Méritos para a Rede Presencial ,convocatoria externa saída a raíz dos compromisos de creación de novo emprego do ERE.

Cubrir prazas en Profesionais con xente dunha convocatoria externa que era para Presencial e que non tiña prazas en A Coruña sin facer previamente CAMBEO de acoplamento pareceunos alucinante.

Ante tal despropósito falamos co Xerente de Gran Público que comenta que el sabe que van saír prazas para Profesionais pero non sabe nada máis. Comentamos que en caso de que se pense facer iso desa maneira supón incumprimento da normativa e haberá que denunciolo.

Os rumores concretanse nun INFORME DO GRUPO DE PROVISIÓN no que se dí que efectivamente a empresa o día 31/05/04 plantexa cubrir 86 prazas de ASC para os Centros de Telemarketing da Dirección Xeral de Ventas Negocios e Profesionais, fundamentalmente nos centros de Madrid e A Coruña. A empresa propón que unha vez esgotada a lista de aptos sen praza e antes de publicar e ter que resolver un novo Concurso de Méritos adxudicar estas prazas á lista de aptos sen praza.

Pois ben O Grupo de Traballo analizada a proposta da empresa inician os procedementos , recoñecementos médicos, prazo de comunicación de 15 días para os que traballen noutras empresas.

O nosa sorpresa ante este informe é indescriptible pois non podemos entender como este Grupo de Traballo con representantes sindicais pode consentir semellante incumprimento da nosa normativa.

O día 3/06/04,e estamos convencidos que ante a alarma que se está a producir e a ameaza de ter a correspondiente denuncia, polo menos nosa,a empresa difunde a través dos coordinadores que vai a haber CAMBEO DE ACOPLAMENTO para Profesionais e necesita saber antes do día 7/06/04 a xente de Gran Público que estaría disposta a facer a solicitude.

Por parte da CIG queremos que quede craro:

-POR SUPOSTO QUE TEN QUE HABER UN CAMBEO DE ACOPLAMENTO PREVIO.

- INDEPENDIENTEMENTE DE QUE NON SE CUBRAN AS PRAZAS CO CAMBEO DE ACOPLAMENTO NON SE PODEN ADXUDICAR AOS APTOS SEN PRAZA,POIS ERA UNHA CONVOCATORIA PARA PRESENCIAL E NA QUE NON HABIA PRAZAS PARA A CORUÑA,.

¿QUÉ PASA COS DEREITOS DOS QUE NON SE PRESENTARON A UNHA CONVOCATORIA NA QUE NON HABIA PRAZAS EN CORUÑA, E DOS QUE SE PRESENTARON,APROBARON E POR SACAR BOA NOTA TIVERON QUE MARCHAR FORA E DOS QUE RENUNCIARON POR TER QUE SAIR FORA?

Sen ánimo de ofender a ninguén a empresa parece que quere facer unha carreira de burros dando o mellor premio ao último en chegar á meta.

Pola nosa parte amosamos O NOSO REXEITAMENTO á maneira de actuar neste tema tanto da empresa como do Grupo de Provisión de Traballo e non imos quedar calados.